

O Lehendakari Iñigo Urkullu e mais a ministra de Educación, Isabel Celaá, entre os principais convidados ao acto celebrado en Bilbao

EROSKI CELEBRA O SEU 50 ANIVERSARIO ARROUPADA POR UNHA AMPLA REPRESENTACIÓN DO TECIDO INSTITUCIONAL, ECONÓMICO E SOCIAL

- A proximidade aos consumidores, un consumo máis responsable e sostible, a innovación e a adaptación continua marcan as bases dos seus próximos retos
- EROSKI salientou o seu arraigamento e mais os seus valores sociais, e a súa prioridade de conectar cos consumidores para se adaptar ás súas necesidades
- O seu presidente, Agustín Markaide, lembrou que EROSKI é un proxecto de persoas e cooperación, diferenciado pola súa fortaleza interna e pola súa capacidade de contribuír á sociedade

Elorrio, 12 de marzo do 2019.- [EROSKI](#) botou a andar esta tarde os actos de celebración do seu 50 aniversario, que se prolongarán ao longo deste ano. O acto, no que amais de representantes de EROSKI participaron o Lehendakari Iñigo Urkullu e mais a ministra de Educación e Formación Profesional e voceira do Goberno Isabel Celaá, tivo lugar esta tarde no auditorio de Azkuna Zentroa en Bilbao. Unha nutrida representación do tecido institucional, económico e social de máis de 400 persoas arroupou a EROSKI na celebración do seu medio século de vida.

Durante a cerimonia, o presidente de EROSKI, Agustín Markaide, agradeceulles *"aos presentes e ausentes o seu apoio, non só no día de hoxe senón ao longo destes 50 anos"*. Lembrou as súas orixes froito da unión de varias pequenas cooperativas de consumo. O seu nacemento *foi "unha resposta social e colectiva a unhas necesidades básicas e cotiás. Os promotores confiaban na capacidade humana e na cooperación para resolver mellor as devanditas necesidades. EROSKI xa innovou daquela, poñendo máis énfase no que unía a esas sete cooperativas ca no que as separaba, e tamén innovou integrando os traballadores como socios"*, explicou.

Ao longo do tempo EROSKI mantívose conectada cos socios consumidores para lles poder dar respostas ás súas necesidades a medida que a sociedade evolucionaba. Durante esa evolución mantívose fiel ás súas raíces e orixe cooperativa, que lle

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

serviron de punto de apoio para actualizar a súa misión, *"que non é outra ca a de mellorar a saúde e o benestar da cidadanía e que iso sexa compatible cun consumo cada vez máis responsable e sostible"*, afirmou Markaide.

O presidente de EROSKI, valorou tamén *"o esforzo de todas as persoas que levaron a EROSKI a cumprir cinco décadas, mantendo o arraigamento e os valores sociais. Un esforzo que fortaleceu o proxecto cooperativo para gañar o seu lugar no futuro"*, que estará marcado pola proximidade, un consumo máis responsable e sostible, a innovación e a adaptación continua. *"A EROSKI correspóndelle actuar para a transformación social co seu proxecto, buscando o benestar sostible dos seus socios e da sociedade, e para iso renovarémonos todas as veces que cumpra"*, concluíu Markaide.

A presidenta do Consello Reitor de EROSKI, Leire Mugerza Garate, afirmou que *"EROSKI demostrou ser un proxecto socio-empresarial ambicioso nas súas aspiracións que soubo ir adecuando o seu singular modelo de xestión cooperativo á evolución da historia, pero volvendo sempre ás súas raíces, nas que atopamos as razóns da nosa existencia"*, e lembrou que EROSKI é un proxecto baseado na equidade, na humanización das relacións e *"na permanente aspiración de contribuír a unha sociedade máis xusta en dereitos e igualitaria en oportunidades"*.

Mugerza destacou que *"EROSKI é un proxecto de persoas, que son as merecentes desta celebración. Elas son o valor do que viñemos sendo nos últimos 50 anos e do que seremos nos próximos cincuenta"*.

Sobre EROSKI

EROSKI é o primeiro grupo de distribución de carácter cooperativo de España e operador de referencia nas rexións de Galicia, País Vasco, Navarra, Cataluña e Baleares. A súa rede comercial ascende a 1.652 establecementos, entre supermercados, hipermercados e cash & carry, e conta ademais con gasolineras, ópticas, oficinas de viaxes e tendas de equipamento deportivo. Conta con máis de 6 millóns de Socios Clientes e con máis de 33.000 socios cooperativistas e traballadores.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)